

	Nota:	Faltas:
LLG 1º BACH MORFOLOXÍA 1ª AVALIAC.	Nome:	Grupo:

TEORÍA 5 cuestións (entre estas 25).	PRÁCTICA Achegarase un texto. Faranse preguntas relativas a:
1. Podes diferenciar nomes propios/comúns, individuais/colectivos, concretos/abstractos? Explícao.	Localiza no texto nomes propios, comúns, individuais, colectivos, concretos, abstractos, contables, incontables. Xustifica a razón pola cal pertencen a cada tipo.
2. Cales son os constituíntes do substantivo?	Dada a/s palabra/s do texto (...), indica os seus constituíntes.
3. A oposición de xénero, a que diferenzas remite? Exemplos.	Dada a/s palabra/s (...) indica a que diferenzas remite a oposición de xénero.
4. Como pode marcarse a oposición de xénero nos substantivos variables? Indica cada caso e achega exemplos.	Localiza no texto os substantivos variables e indica, en cada caso, como se marca a oposición de xénero.
5. Explica a formación do feminino en substantivos rematados en –ano, -an, -on. Tamén as excepcións.	Localiza no texto...
6. Diferenza (con respecto ó xénero) entre palabras do tipo artista / formiga. Explica que son os epicenos.	Localiza no texto os epicenos.
7. Indica o xénero de: Acedume acne aldraxe alicates amargor análise apócema árbore arte arume asma balaxe ('rubr') balor cal calor canle cárcere carraxe castiñeiro color/cor costume couce cute cheirume diadema dor/dolor dote efe estrume fame fantasma fel ferruxe figueira fin friaxe garaxe labor lecer legume leite limoeiro liñaxe loor lume mar masacre mel nariz orde orixe pantasma parálise paxe pereira personaxe pesadume ponte puberdade. queixume reumasal sangue sebe (cercado) servidume sinal síndrome suor til traxe tremor ubre uve viruxe xiz mansedume convite epiderme derme	No texto...
8. Indica o xénero das palabras rematadas en -ME (e as excepcións).	
9. Indica o xénero das palabras rematadas en -AXE, -UXE (e as excepcións).	
10. Indica o xénero das palabras rematadas en -ITE, -ISE, -ADE. Hai excepcións?	
11. Explica os casos especiais (árbores froiteiras, cal, fin, fantasma-pantasma, personaxe).	
12. Explica que ocorre con respecto ao xénero, nos substantivos tipo norte, nupcias, existencias, pantalón/s.	Localiza no texto...
13. Cales son os morfemas de número? Achega exemplos. Explica a formación do plural.	Fai o plural das palabras do texto... Xustifica cada caso.
14. Explica o plural das palabras rematadas en –l.	
15. Como fan o plural os estranxeirismos? Exemplos.	
16. Como fan o plural as palabras compostas? Exemplos.	
17. Diferenza entre adxectivo explicativo e especificativo. Exemplos.	Localiza no texto adxectivos explicativos e especificativos.
18. Como se comportan os morfemas de xénero e número no adxectivo?	
19. Diferencia estes 3 tipos de adxectivos: loiro /doce / medicas. En que radica a diferenza?	Localiza no texto adxectivos variables en xénero e número / variables en número pero invariables en xénero / invariables en xénero e número.
20. Cales son os procedementos de gradación do adxectivo? Indícaos e achega exemplos.	Dado un adxectivo do texto, sométeo a gradación con todos os procedementos posibles. Indica cada un dos procedementos.
21. Explica estes casos: antiqüísimo, nobilísimo, libérrimo, celebérrimo e amabilísimo.	Localiza no texto...
22. Explica a diferenza entre superlativos absolutos e relativos. Indica como se forman e achega exemplos.	Localiza no texto...
23. Cando se usa como / coma? É posible o uso de coma en construcións que non sexan comparativas?	Explica o uso de como/coma nas liñas...
24. Cando se usa ca / (do) que?	Explica o uso de ca / (do) que nas liñas...
25. Escribe o comparativo e superlativo sintético de grande, pequeno, bo, malo, alto e baixo.	Localiza no texto un adxectivo do cal poidas achegar un comparativo e superlativo sintético ou un superlativo en –érrimo.

